

Timur Sadykov

MESTRE DE VIOLA

Historial Académico

Iniciou os seus estudos musicais aos 5 anos de idade na *Escuela Especial de Música de Kazán* en clase de violín coa mestra L.S Levitskaya e posteriormente con G.H. Hodjaev.

En 1988 entrou no Conservatorio Estatal da mesma cidade (mestres G.H. Hodjaev e B. Kaplun), o que rematou coas máis altas calificacións en 1994, obtendo os diplomas de violín solista, artista de orquestra e mestre de violín.

Experiencia

Foi Concertino na *Orquestra Sinfónica Estudiantil* durante tres anos baixo a dirección de F. Mansurov.

Desde 1991 ata 1995 formou parte da *Orquestra de Cámara "La Primavera"* en Kazán. En 1994-1995 tocou coa *Orquestra Estatal Filarmónica de Kazán* como co-principal na sección de primeiros violíns. Durante os veráns de 1993 e 1994 foi membro da *Gustav Mahler Jugend Orchester*, baixo a dirección de Claudio Abbado, R. Chailly, Sir N. Mariner, entre outros. En 1995 trasladouse a Moscú e entrou na *Orquestra de Moscú* como co-principal na sección de primeiros violíns baixo a dirección de R. Freisitzer.

Entre os anos 1996 e 1998 traballou na *Orquestra Sinfónica Estatal* baixo a dirección de E. Svetlanov. Colaborou con varias orquestras de Moscú, entre as que se atopan: a *Orquestra Sinfónica da Radio Estatal Rusa* (baixo a dirección de V. Fedoseev), o *Teatro Bolshoy* e a *Orquestra Sinfónica de Moscú*.

En Febreiro de 1998 integrouse na *Orquestra de Cámara de Moscú* na sección de violas. Desde marzo de 1999 e na actualidade é membro da *Real Filarmonía de Galicia* como viola. Desde o ano 2002 traballou como mestre de violín e viola na *Escola de Música Charamela* en Pontedeume. Tamén colaborou como mestre de música de cámara na *Escola de Altos Estudos Musicais de Santiago de Compostela*.

Participou en numerosos festivais de música de cámara, tanto en Galicia como en España e Europa. Colaborou con orquestras como a *Orquestra Sinfónica de Castilla y León*, *RTVE*, *Orquestra Sinfónica de Galicia* e a *Orquestra Sinfónica de Barcelona y Nacional de Catalunya*.



Timur Sadykov

Timur naceu en Kazan, Rusia, en 1970.

Comezou a estudar violín na súa cidade natal. A partir deste momento pasou da Escola Especial de Música de Kazan ao Conservatorio Estatal da mesma cidade.

Pasou, desde o 1991, por diversas orquestras sinfónicas de todo o mundo, desde Kazán, Moscú e a *Gustav Mahler Jugend Orchester*.

Actualmente é mestre de viola no CSM Galicia e toca na *Real Filarmonía de Galicia*.